

O Carballiño a 25 de novembro de 2015.

COMUNICADO DE PRENSA

O PSDG-PSOE ESCÓNDESE DETRÁS DA SÚA INCOMPETENCIA, E ESTÁ A TIRAR POR TERRA TODO O AVANZADO NO ANTERIOR GOBERNO MUNICIPAL EN MATERIA DE XESTION ECONÓMICA.

- ***Durante o mandato do PP, so coa resolución de tres asuntos que levaban anos coleando aforrouse ao Concello 5.312.000€. (Viaqua, empresa de transportes, hotel Rogelia).***
- ***Dende o PP, polo tanto, esixen ao grupo de goberno socialista que non lles amargue pagar aínda que non teñan costume de facelo.***
- ***Esixen dendo o PP, aos socialistas que rebaixen o periodo medio de pago a provedores e así sair do plan de Axustes para poder rebaixar as taxas e impostos.***

Dende o PP do Carballiño, denúnciase a total incapacidade do actual equipo de Goberno municipal, así como a pouca vergoña que teñen á hora de facer certas afirmacións.

Que sexa o PSOE o que lle extraña que se lle teña que pagar a Viaqua (antes Aquagest) cando foron eles no 1997 os que fixaron as condicións de pago coa empresa e que tiñan sen cumprir dende o ano 2006, xe ten á súa gracia.

Débese de ter claro, que foi co PP no goberno cando a relación contractual entre administración e empresa foi transparente, incorporando en todas e cada unha das reunións aos servizos de secretaria e/ou intervención que ata ese momento nunca tiñan participado.

Débese de ter coñecemento de que durante o periodo socialista, no que a relación foi opaca para os servizos técnico xuridicos do Concello, a empresa tentaba e o goberno socialista estaba en disposición de ampliar a concesión máis anos todavía pero non se poido facer porque non se permite unha segunda ampliación, e ahí pretendían regularizar á débeda polo que a empresa pretendía.

Débese de ter en conta que foi o PP no ano 2013 o que fixou a primeira reunión de seguimento, prevista no contrato, coa empresa concesionaria cando se tiña contratado o servizo dende principios dos 90.

POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES

POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES

Débase saber tamén que o goberno do PP, fixo que a empresa Viaqua tivera que acudir aos tribunáis para recoñecemento de débeda, pois non claudicamos nas súas pretensións e foi ahí cando sobre a petición dunhs 1.400.000€ só se lle recoñeceu 590.000€ que correspondían cos anos 2006,2007,2008,2009,2010,2011,2012 (7 anos) para os custes de mantemento da ampliación da Depuradora do Arenteiro e da nova depuradora do Carrás que se habilitou no 2012, así como a xestión de lodos que se estaba facendo dende o ano 2006 sen contratación administrativa de ningún tipo, entre outros gastos. Conqueriuse polo tanto por orden xudicial un aforro de mais do 50% do pretendido por Viaqua.

Este asunto xudicial supúsolle ao Concello unha factura de letrados dunhs 120.000€, que antes de ser aprobada, foi exhaustivamente comprobada para cumprimento das tarifas fixadas polo colexio oficial de Avogados.

E para facer frente a estos gastos, dispuxéronse no expediente de suplementos de créditos con remanente de tesourería do ano 14 aprobado en maio deste ano, (dentro dos 2,4 milons habilitados e non dos 5 millóns como afirma o PSOE) co voto en contra do PSOE as seguintes partidas para facer frente a estes gastos e ao mesmo tempo poder sacar a concurso a xestión de lodos durante o que faltaba de ano, cousa que evidentemente non se fixo por parte do actual goberno municipal e urxe facelo para regularizar a situación:

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
161.11/227.09	Servizo abastecemento auga potable indemnización Viaqua sentenza xudicial	665.836,88€
161.11/227.99	Xestión de lodos outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	80.000,00€

A partir deste recoñecemento, escomenzou unha negociación coa empresa viaqua para que nos anos sucesivos se facturasen co mesmo cálculo que fixo en sede xudicial, dando todos esa formula por aceptada. De ahí que logo facturasen os anos 2013 e 2014 e que foron posteriores á aprobación do incremento de suplemento orzamentario ao que o PSOE, recordamos unha vez mais votou en contra, polo que se fose por eles viaqua non tería cobrado nada dos anos anteiores.

Para o ano 2013/14 tería que ser entorno aos 400.000€ seguindo os parámetros fixados polo xuzgado e non máis, e o Concello ten capacidade suficiente para suplementar orzamentariamente e asumir esas facturas tal como fixemos nos coas anteriores, pois aínda existe remanente de tesourería que se pode aplicar do resultado do ano 2014.

Dende logo podemos decir que foi o PP quen escapando de presións externas conqueiriu que a débeda con viaqua sexa do 50% respecto ao que pretendían e conseguise que se poida determinar con maior facilidade os anos que quedan de contrato que aínda son 8, polo que podemos decir dende o Partido Popular que se avanzou máis nestes derradeiros 4 anos en solventar á déveda con Viaqua para chegar en boas condición ao final do servizo, que en 15 anos anteriores, onde só se pensaba en aumentar o tempo de contrato coa empresa.

Noutro orden de cousas tamén cabe destacar sobre outra factura de letrados presentada con posterioridade ao cambio de goberno que ascende a unhs 36.000€ e que estos honorarios tamén estipulados conforme a Lei, corresponden coa defensa que se fixo do Concello sobre a reclamación de débeda duhs 212.000 euros por traballos dunha empresa de transportes que facía servizos co Concello de forma ininterrumpida durante moitos anos para a escola de fútbol baixo a única modalidade administrativa de “chamada de teléfono sempre a mesma empresa”.

Somentes con estes dous asuntos onde se pagan a letrados 150.000€ se lle teñen aforrado a data de hoxe ao Concello 1.212.000€ e supón un aforro xa anticipado para os anos que quedan de vixencia con Viaqua de 1.600.000€.

Incluso, o goberno socialista, aínda non votou conta do aforro que lle supuxo ao Concello o non ter asumir o derribo de parte do edificio Hotel Rogelia que estaba sentenciado cando chamamos no ano 2011 e suporía unhs 2.500.000 de euros en obra e indemnizacións e conseguimos darlle a volta a situación legal e ter sentenza de inexecutabilidade.

Esto é xestionar economicamente un Concello, polo tanto, que non lles amargue aos socialistas pagar aínda que non teñan costume.

Tamén teremos que repetir por enésima vez que o plan de axuste feito no ano 2012 foi para poder pagar a provedores (sábena ben aqueles que cobraran facturas que daban por perdas no 2012) tal como estipulaba a Lei e que quedou todo perfectamente preparado para que rebaixando o periodo medio de pago a 30 días poders sair do mesmo, pero por razóns estratéxicas, que se alonxan dos interés xerais dos veciños e veciñas do Carballiño, parecen non estar en disposición de facelo, prefiren dilátalo no tempo para que non se vexa o traballao feito por outros anteriormente, pero con esto dó perxudican aos veciños/as que non poderan ver baixados os seus impostos.

Tamén dende o PP seguimos pendentes de que executen o acordo plenario sobre contratación dunha auditoria externa, pois non entendemos cal é o motivo para o seu retraso.